

BOS DÍAS COLE

COMEDOR

TARDES DIVERTIDAS

MATRÍCULA 2026 - 2027

Prazo do 23 de xuño ao 7 de xullo de 2026

PARA FACER A MATRÍCULA (solicitudes admitidas na listaxe de prescricións)

PASO 1. Xerar a solicitude a través de www.conciliames.gal

Tamén se poderá realizar este trámite de xeito presencial no Departamento de Educación situado no Pazo da Peregrina en Bertamiráns ou na Oficina Municipal de Milladoiro, para o que deberán solicitar cita previa no teléfono 981.891.476

PASO 2. Liquidar as taxas de matrícula

Solicitar á Recadación Municipal, no enderezo electrónico ames@canaltributos.com, a autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) que vaia a matricular (12,00 € por servizo e neno/a).

É condición indispensable o pago das taxas para facer efectiva a matrícula.

PASO 3. Rexistrar a solicitude debidamente cuberta e asinada a través de calquera dos rexistros aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

¡¡IMPORTANTE!!

Para a súa validez e toma en consideración a solicitude debe rexistrarse.

Para considerar firmadas as solicitudes presentadas mediante rexistro telemático, é preciso que os arquivos xerados coas solicitudes conteñan as firmas dixitais (as firmas manuscritas non son válidas se non veñen acompañadas da sinatura dixital)

PASO 4. Comprobar as listaxes de admitidos e excluídos:

Provisionais: Publicación prevista sobre ó 15 de xullo do 2026, con prazo de emenda de 10 días hábiles en www.conciliames.gal e en www.concellodeames.gal

Definitivas: Publicación prevista para finais do mes de xullo do 2026 (ou principios mes de agosto) xunto coas renovacións en www.conciliames.gal e en www.concellodeames.gal

PARA SOLICITAR A BONIFICACIÓN DE TAXAS

Aquelas persoas que desexen solicitar a bonificación de taxas para o curso 2026 - 2027, terán que presentar a solicitude cando formalicen a matrícula e entregar a documentación que se requira segundo o caso. Poderá consultar a documentación necesaria na paxina www.conciliames.gal

INFORMACIÓN:

NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA). Telf: 981.891.476 ou no correo electrónico educacion@concellodeames.gal

¡¡IMPORTANTE!!

OS USUARIOS QUE NON APAREZAN COMO ADMITIDOS NA LISTAXE DEFINITIVA PERDERÁN A PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO E POR TANTO, NO CASO DE SEGUIR INTERESADOS, DEBERÁN SOLICITAR UNHA NOVA SOLICITUDE DE PRESCRICIÓN.

NON MATRICULAR EN PRAZO SUPORÁ A PERDA DA PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO.